

## Programación didáctica

### Departamento de Tecnoloxía

### Curso 2022-23

Xefe/a de departamento:	Materias / Ciclos
<i>M<sup>a</sup> ReyesMontero Vale</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <i>Tecnoloxía e Dixitalización 1º ESO</i></li><li>• <i>Tecnoloxías 2ºESO</i></li><li>• <i>Tecnoloxía 4ºESO</i></li></ul>
<i>Beatriz Fernández Rey</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <i>Educación Dixital 3ºESO</i></li><li>• <i>TIC 4º ESO</i></li></ul>

# ÍNDICE

1. Introdución e contextualización.
2. Competencias clave.
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
4. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de:
  - a. Temporalización.
  - b. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
  - c. Procedementos e instrumentos de avaliación.
6. Concrecións metodolóxicas que require a materia.
7. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
8. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
12. Medidas de atención á diversidade.
13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
14. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

## CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

### 1.- Composición do departamento de Tecnoloxía

Está integrado por:

**M<sup>a</sup> de los ReyesMontero Vale**, Xefa de Departamento, que imparte clase de :

- Tecnoloxía e Dixitalización en 1<sup>o</sup>da ESO, 2 grupos (19+18)
- Tecnoloxías en 2<sup>o</sup> da ESO, 3 grupos, (22+20+18)
- Tecnoloxía en 4<sup>o</sup> da ESO (1 grupo de 7 alumnos)
- Formo parte do equipo de Dinamización das TIC no centro educativo.

**Beatriz Fernández Rey** Profesora de Matemáticas con afín Tecnoloxía, imparte as materias de:

- Educación Dixital en 3<sup>o</sup> da ESO (1 grupo de 14 alumnos)
- TIC en 4<sup>o</sup> da ESO (1 grupo de 12 alumnos)

**2.- Grupos:**

Materia	Curso	GRUPOS	h/Semana	Subtotal horas	Alumnos
Tecnoloxía e dixitalización	1º ESO	A +B	3	6	19+18
Tecnoloxías	2º ESO	A +B+C	3	9	22+20+18
Educación Dixital	3º ESO	A +B+PMAR	3	3	14
Tecnoloxía	4º ESO	A+B	3	3	7
TIC	4º ESO	A+B	3	3	12
				<b>24 h</b>	<b>130</b>

**3.- Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores:**

- 1 alumno de 4º da ESO e 2 alumnos de 3º da ESO , coa materia de Tecnoloxías de 2º pendente.
- 5 alumnos de 4º da ESO coa materia de Tecnoloxías de 3º da ESO pendente

**4.- Horario de Xefatura de Departamento**

A hora semanal adicada á Xefatura de Departamento , será os XOVES de 12:20 a 13:10

**5.- Contextualización.**

- Centro situado na vila de Valdoviño, no concello do mesmo nome.
- Alumnado na ESO que vai aumentando ano a ano. 2 liñas por curso.
- Nivel sociocultural medio ou medio-baixo.
- Nivel económico medio ou medio-baixo.

**6.- Introducción:**

A **tecnoloxía** desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

As **tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)** desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das

novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

## CAPÍTULO 2. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias claves que se deben traballar na nosa materia son:

A **competencia en comunicación lingüística (CCL)** desenvolverase na medida en que o alumnado adquiera e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información.

A **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** poden acadarse; calculando magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo obxectos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen utilizando ferramentas e máquinas, analizando procesos e sistemas tecnolóxicos ou mediante a análise e a valoración das repercusións ambientais da actividade tecnolóxica, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos, deseñando algoritmos e analizando o funcionamento de programas, ou mediante a análise e a valoración das repercusións da informática na sociedade.

A **competencia dixital(CD)** desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos ou para elaborar programas e utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas, para simular circuitos, sistemas e procesos tecnolóxicos, ou para controlar e programar sistemas automáticos.

Para que o alumnado poida **aprender a aprender(CAA)** as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados.

Do mesmo xeito, **as competencias sociais e cívicas (CSC)** alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CIEE)** conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos para a web.

E a **conciencia e as expresións culturais(CCEC)** reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

## CAPÍTULO 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### TECNOLOXÍA 2º ESO

Dende o Departamento de Tecnoloxía contribúese á adquisición das competencias clave na materia de **Tecnoloxía de 2º da ESO** a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TEB1.1.1 Diseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.							
TEB1.2.1 Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.							
TEB1.2.2 Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.							
TEB1.2.3 Traballa en equipo de forma responsable e respectuosa.							
TEB2.1.1 Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acotación e escala.							
TEB2.2.1 Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.							
TEB2.3.1 Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.							
TEB3.1.1 Describe as características propias dos materiais de uso técnico.							
TEB3.1.2 Identifica diferentes tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.							
TEB3.2.1 Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformado dos materiais de uso técnico.							
TEB3.2.2 Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.							

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TEB4.1.1 Describe apoiándose en información escrita, audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas.							
TEB4.1.2 Identifica os esforzos característicos e a transmisión dos mesmos nos elementos que configuran a estrutura.							
TEB4.2.1 Describe mediante información escrita e gráfica como transforman e transmiten o movemento os distintos mecanismos.							
TEB4.2.2 Calcula a relación de transmisión de distintos elementos mecánicos como as poleas e os engraxes.							
TEB4.2.3 Explica a función dos elementos que configuran una máquina ou sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.							
TEB4.2.4 Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.							
TEB4.2.5 Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran una función determinada.							
TEB4.3.1 Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zoadores, motores, baterías e conectores.							
TEB4.3.2 Deseña utilizando software específico e simboloxía adecuada circuitos eléctricos básicos e experimenta cos elementos que o configuran.							
TEB 5.1.1 Identifica as partes dun ordenador.							
TEB5.2.1 Manexa programas e software básicos.							
TEB5.2.2 Utiliza adecuadamente equipos informáticos e dispositivos electrónicos.							
TEB5.2.3 Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipos informáticos.							
TEB5.3.1 Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.							

**a) Estratexias para valorar as competencias na materia de Tecnoloxías de 2º da ESO**

- Seguimento e observación das actividades de clase/casa/aula taller e aula de informática.
- Probas escritas
- Deseño de prototipos
- Actividades de interpretación de bosquexos e planos técnicos.
- Exercicios de comprensión e creación de textos .
- Elaboración dos documentos do proxecto técnico empregando as TIC
- Realización de documentos resume e mapas conceptuais utilizando recursos informáticos e aplicacións en rede.
- Exposicións orais.
- Realización de exercicios que requiran o cálculo de diversas magnitudes relacionadas coas propiedades dos materiais e circuítos eléctricos.
- Actividades sobre busca de información en internet.
- Actividades no ordenador con simuladores e programas informáticos relacionados cos contidos da materia.
- Participación activa na clase
- Corrección conxunta de actividades, traballos e exames, respectando a quenda de palabra e a crítica dos compañeiros.
- Realización de tarefas onde o alumno terá que tomar decisións con certo grao de autonomía.
- Observación de actitudes e comportamentos na aula, no taller e na aula de informática.
- Disposición para o traballo individual e de equipo no deseño e realización de proxectos tecnolóxicos e documentos técnicos.

## TECNOLOXÍA 4º ESO

Dende o Departamento de Tecnoloxía contribúese á adquisición das competencias clave na materia de **Tecnoloxía de 4º da ESO** a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.							
TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.							
TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.							
TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.							
TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.							
TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.							
TEB2.1.1. Diferenza as instalacións típicas nunha vivenda.							
TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.							
TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.							
TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.							
TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.							
TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.							



Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.							
TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.							
TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.							
TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.							
TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.							
TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.							
TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.							
TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.							
TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.							
TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.							
TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.							
TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.							
TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.							
TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuítos que resolvan un problema tecnolóxico.							

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.							
TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.							
TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.							
TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.							
TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.							

#### a) Estratexias para valorar as competencias na materia de Tecnoloxías de 4º da ESO

- Seguimento das actividades de clase/casa
- Probas escritas
- Traballo en equipo.
- Elaboración de documentos. Búsqueda na rede, síntese da información, redacción exposición e publicación empregando ferramentas multimedia en rede.
- Deseño do prototipo. Innovación e ideas creativas no deseño.
- Actividades de interpretación de bosquexos, planos técnicos, esquemas eléctricos, electrónicos e pneumáticos.
- Realización de exercicios que requiran o cálculo de diversas magnitudes relacionadas con circuitos eléctricos, electrónicos e pneumáticos.
- Emprego de programas informáticos que simulen condicións reais de diferentes sistemas.
- Probas escritas.

**TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN 4º ESO**

Dende o Departamento de Tecnoloxía contribúese á adquisición das competencias clave na materia de **Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) de 4º da ESO** a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.							
TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.							
TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.							
TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.							
TICB1.3.2. Diferenza o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.							
TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.							
TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.							
TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.							
TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.							
TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.							
TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.							
TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.							
TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.							
TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.							

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.							
TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.							
TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.							
TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.							
TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.							
TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.							
TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.							
TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.							
TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.							
TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.							
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.							
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.							
TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.							
TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.							

#### a) Estratexias para valorar as competencias na materia de TIC 4º da ESO

- Seguimento das actividades de clase.
- Exercicios de comprensión e redacción de textos

- Traballos en equipo.
- Exposicións orais.
- Emprego da folla de cálculo.
- Emprego das bases de datos.
- Realización de esquemas.
- Realización de diversas actividades multimedia con diversas temáticas.
- Deseño de obxectos con CAD.
- Deseño de programas informáticos.
- Prácticas realizadas na aula coas distintas ferramentas de ofimática.
- Traballo en equipo.
- Respeto polas normas de seguridade na utilización de equipos e de navegación en rede.

## Capítulo 4. OBXECTIVOS PARA O CURSO

### TECNOLOXÍAS 2º ESO

- Comprender a fusión da técnica e a ciencia nesta materia, así como a súa aplicación á resolución de problemas da sociedade.
- Utilizar correctamente os distintos instrumentos de debuxo.
- Expresar con destreza as súas ideas empregando os recursos gráficos.
- Distinguir os distintos materiais de uso técnico, así como as súas propiedades e procedementos de obtención e elaboración.
- Distinguir os distintos tipos de metais.
- Coñecer as propiedades máis características dos metais e os procedementos de elaboración dos mesmos.
- Adquirir uns hábitos de traballo e de orde no aula-taller.
- Coñecer o procedemento de obtención e tratamento da madeira.
- Comprender as propiedades máis importantes da madeira, así como os tipos e derivados da mesma.
- Utilizar correctamente as distintas ferramentas coas que se traballa a madeira seguindo os procedementos axeitados.
- Poder construír unha estrutura resistente, empregando os principais elementos estruturais e baseándose nos esforzos ós que se ven sometidos.
- Coñecer os distintos elementos dun circuíto eléctrico, cómo conectalos seguindo un esquema eléctrico coa simboloxía axeitada e diferenciar os circuítos serie e paralelo.

### TECNOLOXÍA 4º ESO

- Comprender conceptos básicos, leis elementais, e modelos primarios da tecnoloxía que lles permitan interpretar, explicar e predici-lo funcionamento de obxectos e de sistemas técnicos sinxelos.

- Resolver sinxelos problemas tecnolóxicos da vida cotiá, abordando a súa análise con autonomía e creatividade e traballando de forma ordenada e metódica para formular vías de solucións prácticas e o máis idóneas posibles.
- Utilizar coñecementos e destrezas técnicas para o deseño, a elaboración simulada e a avaliación de obxectos e sistemas tecnolóxicos sinxelos, manipulando materiais, ferramentas e instrumentos con seguridade e hixiene, nun contorno de traballo agradable e produtivo.
- Expresar e comunicar ideas sobre problemas comúns e solucións técnicas en situacións habituais para o alumnado, utilizando os recursos gráficos, a simboloxía e o vocabulario tecnolóxico axeitados para a súa documentación e formulación en soportes impreso e informático.
- Desenvolver actitudes de responsabilidade, colaboración e tolerancia no traballo en equipo para realizar pequenos proxectos tecnolóxicos sinxelos, participando activamente na toma de decisións, na execución das tarefas e na avaliación de resultados cunha disposición aberta, flexible e de respecto.
- Integra-los medios informáticos e as redes dixitais para a formulación de cuestións e proxectos tecnolóxicos sinxelos, utilizando os programas informáticos e os servizos da internet para a documentación e comunicación, a busca e a difusión da información.
- Propiciar unha actitude de interese e curiosidade cara ás actividades e ás novas realizacións tecnolóxicas nos distintos traballos e profesións de distintos ámbitos laborais, motivando iniciativas de investigación sobre posibles orientacións vocacionais propias.
- Analizar e valorar criticamente as influencias do desenvolvemento tecnolóxico sobre a humanidade e o ambiente, identificando as súas repercusións sobre a organización social do traballo, do tempo libre e nas actividades de lecer.

## TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN 4º ESO

- Utilizar os servizos telemáticos adecuados para responder a necesidades relacionadas, entre outros aspectos, coa formación, o lecer, a inserción laboral, a administración, a saúde ou o comercio, valorando en que medida cobren estas necesidades.
- Buscar e seleccionar recursos dispoñibles na rede para incorporalos as súas propias producións, valorando a importancia do respecto a propiedade intelectual e a conveniencia de recorrer a fontes que autoricen expresamente a súa utilización.
- Coñecer e utilizar as ferramentas para integrarse en redes sociais, achegando as súas competencias ao seu crecemento e adoptando as actitudes de respecto, participación, esforzo e colaboración que posibiliten a creación de producións colectivas.
- Utilizar periféricos para capturar e dixitalizar imaxes, textos e sons e manexar as funcionalidades principais dos programas de tratamento dixital da imaxe fixa, do son e da imaxe en movemento e a súa integración para crear pequenas producións multimedia con finalidade expresiva, comunicativa ou ilustrativa.
- Integrar a información textual, numérica e gráfica para construír e expresar unidades complexas de coñecemento en forma de presentacións electrónicas, aplicándoas en modo local, para apoiar un discurso ou, en modo remoto, como síntese ou guión que facilite a difusión de unidades de coñecemento elaboradas.
- Integrar a información textual, numérica e gráfica obtida de calquera fonte para elaborar contidos propios e publicalos na web, utilizando medios que posibiliten a interacción (formularios, enquisas, bitácoras, etc) e formatos que faciliten a inclusión de elementos multimedia decidindo a forma en que se poñen a disposición do resto de persoas usuarias.

- Coñecer e valorar o sentido e a repercusión social das diversas alternativas existentes para compartir os contidos publicados na web e aplicarlos cando se difundan as producións propias.
- Comprender a importancia de reforzar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos e a persoal nas interaccións na internet.
- Coñecer os paquetes de aplicacións en rede, os sistemas de almacenamento remotos e os posibles sistemas operativos na internet que faciliten a súa mobilidade e a independencia dun equipamento localizado espacialmente.

## 1.- Temporalización dos Estándares de aprendizaxe.

# TECNOLOXÍAS 2º ESO

### 1ª AVALIACIÓN:

## 2.- Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

- Os produtos tecnolóxicos como solución de problemas e necesidades. (TEB1.1.1)
- A tecnoloxía como fusión de ciencia e técnica.
- Fases do proceso tecnolóxico. (TEB1.1.1)
- Elaboración do proxecto tecnolóxico aplicado a produtos sinxelos.
- Investigación da evolución histórica dun obxecto tecnolóxico. (TEB1.1.1)
- Análise dun obxecto e estudo das razóns do seu deseño. (TEB1.1.1)
- Análise de distintos produtos que cubran unha mesma necesidade. (TEB1.1.1)
- Elaboración da documentación asociada á fabricación dun prototipo ou produto tecnolóxico, seguindo o proceso de resolución de problemas. (TEB1.2.1)
- Valoración da importancia da tecnoloxía na vida cotiá e a súa repercusión na calidade de vida.
- Sensibilidade e respecto polas técnicas populares e a actividade manual.
- Actitude positiva e creativa para propoñer solucións en grupo. (TEB1.2.3)

## 3.- Bloque 2: Expresión e comunicación gráfica Expresión e comunicación gráfica

- Que é o debuxo técnico?
- Útiles de medida: cinta métrica, metros e calibre.
- Materiais e instrumentos de debuxo.
- Realización de debuxos a man alzada, toma de medidas e anotación das mesmas. (TEB2.2.1)
- Utilización dos elementos e materiais propios do debuxo.
- Representación de obxectos tridimensionais sinxelos, introducindo escalas sinxelas: natural, dobre e metade. (TEB2.1.1)
- Representación de anotacións e medidas nos debuxos: acotación. (TEB2.1.1)
- Valoración do debuxo como xeito de comunicar ideas técnicas. (TEB2.3.1)
- Aprecio pola orde, a claridade e a precisión na realización de debuxos. (TEB2.3.1)
- Interese pola incorporación de debuxos técnicos nos documentos. (TEB2.3.1)



**2ª AVALIACIÓN:****4.- Bloque 3: Materiais de uso técnico****5.- Materiais de uso técnico**

- Materias primas: obtención e transformación. (TEB3.1.1)
- Materiais de uso técnico: madeira, papel, cerámica, vidro, metais, plásticos e materiais de construción. (TEB3.1.1)
- Propiedades, variedades e aplicacións dos materiais. (TEB3.1.1)
- Traballo no taller: orde e limpeza. (TEB3.2.2)
- Análise do uso das materias primas neste século. - Identificación e clasificación de distintos materiais técnicos. (TEB3.1.2)
- Selección dun material para a elaboración dun produto. (TEB3.1.2)
- Planificación de procesos sinxelos. (TEB3.2.2)
- Valoración da repercusión no medioambiente do consumo excesivo de materias primas.
- Disposición ó aforro de materiais na realización de traballos técnicos.
- Disposición a seguir as normas de seguridade na utilización de ferramentas e máquinas. (TEB3.2.1)

**6.- Materiais metálicos**

- Propiedades e aplicacións dos metais, ferrosos e non ferrosos. (TEB3.1.1)
- Aliaxes. (TEB3.1.1)
- Técnicas básicas de traballo, unión e acabado de metais. (TEB3.2.1)
- Ferramentas e uso seguro das mesmas no traballo con metais. (TEB3.2.1)
- Obtención de metais: minería, siderurxia e metalurxia. (TEB3.1.1)
- Técnicas industriais: fundición, moldeo, deformación corte e mecanizado. (TEB3.2.1)
- Identificación dos metais cos que están fabricados os obxectos que usamos a cotío. (TEB3.1.2)
- Análise do uso dos metais máis comúns nas últimas décadas, atendendo ó seu custo e características.
- Concienciación ante os problemas que se derivan da extracción, transformación e desfeito de metais, tanto na saúde como no deterioro ambiental. (TEB3.2.2)
- Valoración do reciclado como xeito de obtención de metais.
- Aproveitamento dos materiais de refugo.n (TEB3.2.2)

**7.- A madeira e os seus derivados**

- A madeira como material de uso técnico.
- Tipos de madeiras e derivados.
- O papel. (TEB3.1.1)
- Aplicacións técnicas da madeira e os seus derivados. (TEB3.1.1)
- Ferramentas e técnicas básicas para o traballo manual con madeira. (TEB3.2.1)
- Selección de diferentes tipos de madeiras ou derivados en función das súas características e aplicacións máis comúns. (TEB3.1.2)
- Identificación e clasificación de madeiras e derivados de uso común. (TEB3.1.2)
- Realización de operacións elementais de traballo con madeira ou derivados, con ferramentas manuais. (TEB3.2.2)
- Aprecio das técnicas artesanais vinculadas á madeira e os seus derivados.
- Valoración da madeira como recurso natural limitado e materia prima.



**3ª AVALIACIÓN****8.- Bloque 4: Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos****9.- Estruturas**

- Estruturas resistentes. Tipos. (TEB4.1.1)
- Principais elementos estruturais: vigas, piares, tirantes, cartelas. (TEB4.1.1)
- Triangulación. (TEB4.1.1)
- Esforzos ós que se ven sometidas as pezas de estruturas simples. (TEB4.1.2)
- Materiais empregados na realización de estruturas ó longo da historia. (TEB3.1.2)
- Recoñecemento de tipos de estruturas cotiás e dos elementos que as forman. (TEB4.1.1)
- Identificación de materiais comúns empregados na realización de estruturas.
- Deseño e montaxe de estruturas sinxelas en forma de maquetas. (TEB1.1.1)
- Construción dunha estrutura sinxela para un problema concreto. (TEB1.1.1)
- Valoración das estruturas na vivenda e das infraestruturas do seu contorno.
- Electricidade –
- Elementos dun circuito eléctrico. Funcionamento e simboloxía. (TEB4.3.1)
- Representación esquemática de circuitos. Compoñentes en serie e en paralelo. (TEB4.3.1)
- Lei de Ohm. (TEB4.3.1)
- Deseño e montaxe de elementos e circuitos eléctricos sinxelos. Cálculos. (TEB4.3.2)
- Búscas de información sobre a situación enerxética do planeta.
- Respecto polas normas de seguridade no uso de aparellos eléctricos no fogar e no taller.

**10.- Mecanismos**

- Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas. (TEB4.2.1)
- Relación de transmisión. (TEB4.2.2)
- Simuladores de sistemas mecánicos. (TEB4.2.4)

**TECNOLOXÍA 4º ESO****1ª AVALIACIÓN****11.- O desenvolvemento tecnolóxico.**

- Desenvolvemento tecnolóxico ao longo da historia.(TEB6.1.1, TEB6.3.2.)
- Axentes que participan no proceso tecnolóxico(TEB6.1.1)
- Análise da evolución dos obxectos técnicos e tecnolóxicos. Importancia da normalización nos produtos industriais.(TEB6.2.1)
